



## Concello de Bueu

<b>Expediente</b>	2421/2023
<b>Código SIA</b>	1429768
<b>Procedemento</b>	Contratacións
<b>Asunto</b>	OBRA. SIMPLIFICADO ABREVIADO - Pavimentación de dous camiños en Montemogos Beluso. Obra financiada coa anualidade 2023 do Plan Concellos 2022-2023. Deputación de Pontevedra
<b>Unidade Xestora</b>	200 Administración Xeral - Unidade de Secretaría Servizos Xerais
<b>Documento</b>	Acta da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local
<b>Trámite</b>	Verificación da documentación e proposta de adxudicación

### **ACTA II- 2421/2023**

**Lugar:** Salón de plenos. Casa consistorial.

**Data:** 18.09.2023

**Hora da convocatoria:** 10.00 h

**Hora de comezo:** 10.15 h

**Hora de remate:** 10.20 h

### **ASISTENTES**

- Presidente suplente: Martin Villanueva Pastoriza, Concelleiro delegado de Urbanismo, Mobilidade Segura e sostible e Patrimonio municipal.
- Secretaria da Mesa de contratación: Susana Miragaya González, Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.
- Vogal titular 1º: Paula Piñeiro Camiña, Secretaria xeral do Concello.
- Vogal titular 2º: Marcos Vázquez Campaña, Interventor do concello

Non asiste o Vogal titular 3º: Jaime Sixto García, Adxunto a Tesourería do Concello.

### **ORDE DO DÍA**

1. Verificación da documentación presentada por ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L tralo requirimento efectuado pola mesa de contratación na sesión celebrada en data 01.09.2023 ( acto non público).

2. Proposta de adxudicación ( acto non público).

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





## Concello de Bueu

O Presidente declara aberta a sesión ás 10.15 horas do mencionado día ao atoparse reunidos os membros titulares e suplentes da Mesa que figuran no encabezado da presente acta, xunto co Presidente e Secretaria do mesmo, nomeados na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 22.05.18 (Certificado núm. 2018-0177) relativo ao acordo de creación da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local (CSV: 76YRYGJADS6F24NPZCFZGFJHE) (BOPPO núm. 104 de data 31.05.18) e do Acordo de Modificación da Composición da Mesa de Contratación Permanente da Xunta de Goberno Local (Certificado núm. 2019-0011) (CSV:4HQS7QJR6J5NWAHWER5LHWYDE) (BOPPO núm. 24 de data 04.02.19) , do acordo de modificación da composición da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local (Certificado núm. 2021-0233) (CSV: 3TKLKKDNAMWHMXRSMHDGRACXF) (BOPPO núm. 185 de data 24.09.21) e do acordo de modificación da composición da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16.08.2023 ( BOP núm.164 de 25.08.2023) convocados para o presente acto a través de notificación electrónica do servizo de licitación electrónica da Plataforma de contratos do sector público (en adiante, PLACSP).

### 1.- Verificación da documentación presentada por tralo requirimento efectuado pola mesa de contratación na sesión celebrada en data 01.09.2023 ( acto non público).

Por parte do Presidente da mesa de contratación e de acordo co procedemento establecido na cláusula 20 do PCAP dase conta da documentación aportada tralo requirimento efectuado en data 04.09.2023 ( 2023-S-RE-2994) por parte de Juan Carlos Núñez Fraiz en representación de ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (2023-E-RE-2982 de 08.09.2023) consistente en:

-Condicións particulares e xerais da póliza de Responsabilidade Civil da compañía aseguradora AXA, n.º de póliza 85117165 para o período de cobertura do 29.05.23 o 29.05.24, e anual renovable, baixo as seguintes coberturas, cun límite por sinistro e ano de 1.200.000:

#### o RC EXPLOTACIÓN

- RC Subsidiaria de subcontratistas
- RC Trabajos en caliente
- RC Carga y descarga
- RC Trabajos de derribo y demolición
- RC Participación en UTE
- RC Colindantes
- RC Construcciones subterráneas
- RC Preexistentes
- RC Contaminación

#### o RC LOCATIVA

#### o RC INMOBILIARIA

#### o RC SUBSIDIARIA DE VEHICULOS

#### o RC TÉCNICOS EN PLANTILLA

#### o RC POR ACCIDENTES DE TRABAJO: Sublímite por vítima: 600.000 €

#### o RC PRODUCTOS Y POST TRABAJOS

#### o PERJUICIOS PATRIMONIALES PUROS: Sublímite: 600.000 €

#### o FIANZAS Y DEFENSAS

## Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





## Concello de Bueu

---

### o PROTECCIÓN JURÍDICA

- Declaración responsable na que manifesta que as circunstancias reflexadas no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que concurrían na data de presentación da oferta non experimentaron variación.

-Anexo III do PCAP- Declaración de confidencialidade asinada.

- Compromiso de adscrición de medios persoais e materiais definidos nos pregos, indicando identidade do xefe de obra.

- Información sobre a presentación do modelo 840 AEAT Imposto sobre actividades económicas exercicio 2023.

-Declaración de que a empresa non está dada de baixa na matrícula do Imposto de Actividades Económicas na data da sinatura.

A continuación, dáse conta por parte do Presidente do Informe emitido en data 11.09.2023 polo funcionario Adxunto de Tesourería facendo constar que ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES SL, con NIF/CIF B 36494185, NON MANTÉN DÉBEDAS, ou sancións tributarias, en periodo executivo cuxa execución non se atope suspendida, aprazada ou fraccionada.

Asemade dáse conta do informe favorable de data 11.09.2023 emitido por Iago Merino Vidal, responsable de Willis Iberia, empresa que presta o servizo de mediación de seguros do concello. respecto da documentación acreditativa da subscripción das pólizas de seguro de responsabilidade civil esixidas segundo o disposto na cláusula 24.6 do PCAP.

Tendo en conta a documentación achegada e a restante documentación obrante no expediente, a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros asistentes con dereito a voto **ACORDA:**

-Considerar que ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES SL, B36494185 cumpre os requisitos previos á adxudicación do contrato ao abeiro do disposto na cláusula 20 dos PCAP, tendo en conta o informe emitido polo mediador do concello de Bueu respecto ao cumprimento das pólizas de seguro subscritas pola empresa.

### 2. Proposta de adxudicación

Logo do anterior, considerando o procedemento previsto na 20ª dos PCAP rexedores do contrato e tendo en conta o disposto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público, á vista da documentación presentada en prazo pola licitadora que foi requirida e os informes emitidos, a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros asistentes con dereito a voto, **ACORDA:**

Propor ao órgano de contratación a adxudicación do contrato da obra de Pavimentación de dous camiños en Montemogos Beluso a favor da licitadora ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. B36494185 por ser o licitador que figura no primeiro posto de clasificación ao presentar a oferta coa mellor relación calidade prezo de acordo co





## Concello de Bueu

---

criterio de adjudicación sinalado no apartado VI.4 do CCP Anexo I do PCAP polo seguinte importe:

ORDE	IDENTIDADE	OFERTA SEN IVE ( € )	IVE 21%	OFERTA CON IVE ( € )	PUNTUACIÓN
1º	<b>ORSA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. B36494185</b>	42.248,29	8.872,14	51.120,43	100,00

Non habendo mais asuntos que tratar dáse por finalizado este acto, sendo as 10.20 horas do día indicado no encabezado, do que se levanta acta que asinan todos os presentes, en proba de conformidade co seu contido, do que, como Secretaria da Mesa, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE

---

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.

